



ANUNCIO

A Alcaldía con data 02-08-2024, ditou a Resolución 974/2024 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE ENEKO MARTIN PEREIRA

Expediente: SELECCIÓN DUN PEÓN/PEOA ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL EN VIMIANZO 2024 – AMPLIACIÓN DE XULLO)

Expte. TEDEC: 2024/E001/000009

Expte. TEDEC de solicitude da axuda: 2024/A008/000021

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo recibiu a comunicación da Resolución de Concesión de Subvención complementaria asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración datada no 09/07/2024 pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024:

PROCEDEMENTO: TR351G

EXPEDIENTE: TR351G 2024/000042-1

OBXECTO: APROL RURAL EN VIMIANZO 2024

A dita resolución fixa como data límite para a contratación o 20 de agosto de 2024 e foi concedida para unha contratación coas seguintes características:

Posto: peón/peoa especialista forestal

Núm. de postos: 1

Xornada: 100%

Meses de contratación: 9

Grupo de cotización: 8



Axuda concedida: 16.107,79

Consta a providencia de Alcaldía con data do 09/07/2024 que abre este expediente e procede levar a cabo o proceso de selección seguindo as instrucións do artigo 14 da orde de convocatoria e respectar o artigo 15 para a contratación.

Consta a oferta de emprego presentada ante a Oficina de Emprego de Cee á que lle foi asinado o número 12-2024-7397 na que figuran os seguintes candidatos:

APELIDOS	NOME
AMIGO RIAL	MAGDALENA BLAND
ANDRADE GARCIA	ISAIAS
MARTIN PEREIRA	ENEKO
MOUZO GONZALEZ	SERGIO
OREIRO CALO	SANTIAGO
PAZOS PAZ	FIDEL
PEREZ DEVESA	JOSE
SUAREZ CONDE	JESUS MANUEL
SUAREZ FERNANDEZ	MARIO
TORRADO ROMERO	BARBARA

Por Resolución de Alcaldía núm. 849/2024 do 10/07/2024 foron aprobadas as bases do proceso selectivo e o seu extracto publicouse no BOP núm. 135 do 15/07/2024.

Constan no expediente as actas do tribunal con datas do 23/07/2024, 29/07/2024 e 01/08/2024. A última recolle tamén a proposta para a Alcaldía de contratación de ENEKO MARTIN PEREIRA.

Consta o anuncio no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo coa listaxe de persoas candidatas remitidas polo SPEG.

Consta o anuncio no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo coas puntuacións outorgadas polo tribunal e a proposta para a Alcaldía, con data do 01/08/2024.

O candidato seleccionado, D . ENEKO MARTIN PEREIRA, con DNI [REDACTED], presentou a documentación que se solicita na base novena das que regulan o proceso selectivo e consta no expediente 2024/E002/000039. A súa aceptación do posto foi rexistrada no día 01/08/2024 co R.E. 202400000002946, despois de que se publicara o [anuncio](#) coa proposta do Tribunal.

Consta o informe favorable asinado pola técnica de Desenvolvemento Local con data do 01/08/2024 relativo ao cumprimento do estipulado na base novena.

Consta o informe favorable de Intervención da Fase D.

DISPOSICIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

- A disposición final segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e



a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción:

- o “Contratos vinculados a programas de activación para o emprego. As administracións públicas e, de ser o caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses”
- As funcións do posto son de competencia municipal tendo en conta os artigos 7 e 25 da LBRL.
- A base novena das que regulan o proceso selectivo establece os requisitos para a contratación.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar a necesidade e a urxencia para a selección de un/unha peón/peoa especialista forestal para o proxecto “Aprol rural en Vimianzo 2024” como persoal laboral temporal ao abeiro da Resolución de Concesión de Subvención complementaria asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, datada no 09/07/2024, pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024.

Segundo.- Aprobar a contratación de ENEKO MARTIN PEREIRA, con DNI [REDACTED], como peón especialista forestal, a xornada completa, con data de inicio o 06/08/2024 e duración de nove meses, segundo indica a Resolución de Concesión de Subvención asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración datada no 09/07/2024 pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral coas retribucións que figuran no expediente de solicitude e o horario de traballo do servizo.

[...]”

Vimianzo, 2 de agosto de 2024

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez